

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE XULLO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:30 horas do día 26 de xullo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 21 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. David Regades Fernández

**Vocais:** Dna. Margarita Parajó Calvo  
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. Jesús Moure (asiste ao punto 11.b)  
D. Luis Rodríguez Cadarso (asiste ao punto 15)  
Dna. M Jose Loureiro (asiste aos puntos 2.b e 3.b)  
D. José Riesgo Boluda (asiste o punto 1.d)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas**

a) **Acta da sesión do 3 de xullo de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 3 de xullo de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, Dna. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) **Acta da sesión do 4 de xullo de 2017 ás 9:30 horas**

Apróbase a acta da sesión do 4 de xullo de 2017 das 09:30 horas cos votos de D. David Regades Fernández, Dna. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

c) **Acta da sesión do 4 de xullo de 2017 ás 12:00 horas**

Apróbase a acta da sesión do 4 de xullo de 2017 das 12:00 horas cos votos de D. David Regades Fernández, Dna. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:06	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC4F-EHEF5H-E44AAE-UNQV68-ERTAST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

d) **Acta da sesión do 6 de xullo de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 6 de xullo de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, Dna. Catalina Alfayate Rodríguez e D. José Riesgo Boluda.

e) **Acta da sesión do 10 de xullo de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 10 de xullo de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, Dna. Catalina Alfayate Rodríguez e D. José Riesgo Boluda.

f) **Acta da sesión do 19 de xullo de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 19 de xullo de 2017 cos votos de Dna. Margarita Parajó Calvo, D. David Regades Fernández e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**2.- Apertura administrativa**

1. **Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre A "documentación administrativa". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

1. CONTACTNOVA, S.L.
2. CLECE, S.A.
3. GRUPO NORTE AGRUPACION EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación a:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:06	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC4F-EHEF5H-E44AAE-UNQV68-ERTAST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



1. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L., non declara a cifra de negocios, polo que requiríselle que enmende na declaración responsable a declaración da solvencia económica que posúa.

D. Juan Rogelio Garcia Rubianes, en nome e representación de CONTACTNOVA, SL, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello, solicita que se retire do sobre A, Documentación persoal, o "aboamento contable correspondente a NETARCEDE, SL, incluído erroneamente no mesmo.

Comparece ante esta mesa o sr. Garcia, e a secretaria da Mesa, entrégalle o citado documento contable. Firma o recibí do mesmo na súa solicitude.

2. **Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre A "documentación administrativa". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

1. ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES, SA
2. EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO S A
3. EVENTOS Y SERVICIOS NORTE SL
4. ESC SERVICIOS GENERALES SL
5. PONTE DAS DONAS, SL
6. MANTELNOR OUTSOURCING S.L
7. SERVICIOS SECURITAS S A
8. VALORIZA FACILITIES, S.A.U.
9. INTEGRA MXSI CEE, S.L.
10. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL).
11. ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.

### 3.- Apertura da documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:06	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC4F-EHEF5H-E44AAE-UNQV68-ERTAST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) (Sobre B)**

Este punto retírase da orde do día porque se solicita a emenda de documentación persoal.

b) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)**

En acto público ábrese o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

Asisten ao presente acto:

- D. Javier Martínez López, en representación de PONTE DAS DONAS, SL.
- D. Sergio Boo Valdés, en representación de EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, SL.
- D. Arsenio López González, , en representación de SERVICIOS SECURITAS, SA
- D. Carlos Pájaro, , en representación de ESC SERVICIOS GENERALES, SL.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**11.- Propostas de adjudicación**

a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106)**

Este asunto retírase da orde do día por canto non comparece o técnico que ten firmado os informes de valoración.

b) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-333)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:06	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC4F-EHEF5H-E44AAE-UNQV68-ERTAST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-333).

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 13 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“ Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330), na seguinte orde descendente:*

	LICITADOR	TOTAL
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	95,00
2	EULEN, S.A.	78,37
3	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	77,43

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L, o día 17 de xullo de 2017, que presenta a documentación requirida o día 19 de xullo, dentro do prazo concedido ao efecto.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 26 de xullo de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOLIMUSIC EVENTS, S.L, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 26 de xuño de 2017 e 4 de xullo de 2017, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

***"Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L, o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello, coas seguintes condicións:***

- ***Propón unha redución porcentual dos prezos unitarios previstos no apartado 3.G da FEC de 28,22%***



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:06	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC4F-EHEF5H-E44AAE-UNQV68-ERTAST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

***Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".***

## 15.- Incidencias

- a) **Procedemento aberto para a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) (Solicitude informe á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia)**

A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda encomendar aos servizos de Patrimonio e Contratación a realización dos trámites oportunos para a solicitude do informe.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:06	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC4F-EHEF5H-E44AAE-UNQV68-ERTAST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		